

venres **26** xullo

Moby Dick

Compañía Pedras de Cartón

→ dentro da Rede Cultural da
Deputación da Coruña

21:00 h

lugar praza do Campo

sábado **27** xullo

Chuches Amil, dúo

Grupo Chuches Amil

→ dentro do programa
Cultura no Camiño da Axencia
Galega das Industrias Culturais
da Xunta de Galicia

12:30 h

lugar adro de Santa María

Somos circo

Compañía Desastronauts

→ dentro do programa
Cultura no Camiño da Axencia
Galega das Industrias Culturais
da Xunta de Galicia

21:00 h

lugar praza da Constitución



colabora:



domingo **28** xullo

De Vilatriste a Vilalegre

Teatro O Cubo

→ dentro da programación do
Centro Dramático Galego polo
seu XL aniversario en coprodución
co proxecto A utópica rodante

12:30 h

lugar praza da Constitución

Glamping

Compañía SU.MA.

→ dentro do programa
Cultura no Camiño da Axencia
Galega das Industrias Culturais
da Xunta de Galicia

21:00 h

lugar praza da Constitución

 **ENTRADA
GRATUÍTA**

Moby Dick

Compañía Pedras de cartón

21:00_h
praza do Campo

Moby Dick é o cuarto espectáculo da Compañía Pedras de Cartón. Unha proposta de teatro de rúa estreada en abril de 2024, seguindo o camiño de Quixote.

O espectáculo está creado a partir da afamada novela de Herman Melville e conta a historia case sen texto, tal e como fixemos coa anterior adaptación de "Quixote", en clave de comedia e cunha posta en escena espectacular, para a que se está creando un enorme cachalote que vai enriba dun gran triciclo autónomo que permite adaptar a obra a diferentes de espazos.

A posta en escena permite movemento e un constante xogo co público, con multitude de efectos, apertura de boca, peche e apertura de ollos, movemento de corpo e cola ou tirar auga para fora.



MOBY DICK

venres **26** xullo

Chuches Amil Dúo

Chuches Amil

12:30_h
adro de Santa María

Chuches Amil é un proxecto musical para toda a familia, Un tesouro musical con vocación de permanencia no tempo e na memoria. Un espectáculo de música infantil para aprender e divertirse. Ateigado de cancións e de retrousos pegadizos, cos que Chuches Amil fai dos soños cancións, e cancións dos soños.

Música lixeira e cantareira que axita os pes e os corpos dos cativos e das cativas, e de mãis dun pai e dunha nai. Unha música contaxiosa e festiva que fai desfrutar do presente e presenta unha ledicia compatible.



CHUCHES AMIL DÚO

Somos circo

Desastronauts

21:00_h
praza da Constitución

Damas e cabaleiros, nenos e nenas, chega o espectáculo que todos estiveron agardando. Raquel Feroz, a auténtica Raíña do Circo, deixarache pampo virando sobre o seu trapecio. Girisho, o gran director do circo, sorprenderche coa súa forza e estupidez. Xuntos danche circo 100% puro. Un espectáculo de risco e acción. Rápido, divertido, acrobático, fermoso. Logo de viaxar polo mundo aprendendo as súas increíbles habilidades agora preséntanche a súa obra mestra. Somos Circo!



SOMOS CIRCO

De Vilatriste a Vilalegre

Teatro O Cubo en coprodución co Centro Dramático Galego

12:30_h

praza da Constitución

Trepas é o alcume dun mozo habitante de Vilatriste enredado inesperadamente nunha singular aventura: salvar a vila das fauces dun malvado dirixente. Axudado por unha singular superheroína descubren a fórmula para vencer ao seu inimigo pero... funcionará?



55 min.

Teatro O Cubo en coprodución co Centro Dramático Galego aposta por darlle o protagonismo aos monicreques neste reto escénico coa teima de sempre: que persoas de todas as idades poida gozar das súas propostas.



DE VILATRISTE A VILALEGRE

Glamping

SU.MA

21:00_h

praza da Constitución



50 min.

A nova aventura da compañía chega nun formato, se cabe, aínda máis novidoso e orixinal de novo dirixido por Gonçalo Guerreiro. Glamping é un espectáculo sobre as relacións humanas, onde calquera poderíamos ser ese personaxe en tensión, buscando a mellor maneira de resolver a situación.

Teatro xestual, música, canto, acrobacia aérea, danza e swing en clave de clown. Cando parece que todo está perdido... a creatividade xorde abrindo un camiño inesperado.

Elenco: Sue Moreno, María Move, Mark Torrecillas

Dirección: Gonçalo Guerreiro



GLAMPING